

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ENERXÍA, TURISMO E AXENDA DIXITAL

- 1169** *Orde ETU/78/2017, do 31 de xaneiro, pola que se regulan determinados aspectos relacionados co imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados e cos perímetros de referencia para a determinación dos pagamentos a propietarios de terreos supraxacentes a concesións de explotación de xacementos de hidrocarburos.*

#### I

A Lei 8/2015, do 21 de maio, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e pola que se regulan determinadas medidas tributarias e non tributarias en relación coa exploración, investigación e explotación de hidrocarburos, establece o imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados a partir do 1 de xaneiro de 2016, e obriga os titulares de concesións de explotación de xacementos de hidrocarburos a efectuar pagamentos aos propietarios dos terreos supraxacentes. Todo iso coa finalidade de conseguir que parte da «riqueza derivada do aproveitamento dos bens de dominio público» reverta á sociedade.

Tanto a base imponible do imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados como o importe dos pagamentos que se lles realizarán aos propietarios dos terreos supraxacentes se determinan tomando como base o valor da extracción dos hidrocarburos que, pola súa vez, se calcula como produto do volume dos hidrocarburos extraídos do subsolo, unha vez realizado o primeiro tratamento de depuración e separación das substancias alleas a estes, multiplicado polo prezo de referencia.

Por súa parte, a citada Lei 8/2015, do 21 de maio, obriga os titulares de concesións de explotación de xacementos a repartir o 1% do valor da extracción de gas, petróleo e condensados cos propietarios dos terreos supraxacentes á concesión, proporcionalmente á superficie de tales terreos. Precisamente, o perímetro de referencia delimita o espazo dentro do cal as parcelas correspondentes teñen dereito ao pagamento que se describe.

Esta orde ministerial establece as disposicións necesarias para permitir que, na práctica, se poida liquidar o imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados e os titulares de concesións de explotación de xacementos poidan aboar aos propietarios dos terreos supraxacentes os pagamentos que lles corresponden.

#### II

Así, esta orde ministerial estrutúrase en catro capítulos, o primeiro dos cales está destinado ao obxecto e ámbito de aplicación da orde e as súas liñas xerais veñen de ser expostas.

O capítulo II, que se estrutura en dúas seccións, refírese aos dispositivos de medida. A primeira das ditas seccións regula as características técnicas de tales dispositivos pero tamén a súa operación práctica de modo que, como resultado, se poida determinar de maneira precisa o volume da produción suxeita ao imposto. Ben que a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, e especificamente, o Real decreto 244/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, establecen o marco xeral das actuacións administrativas e técnicas encamiñadas á comprobación dos instrumentos de medida e os seus requisitos metrolóxicos con diversas finalidades, tales como a recadación de impostos e taxas, non se pode ignorar que tales normas remiten a unha posterior concreción na lexislación específica co obxectivo de adaptar os principios xerais ás particulares circunstancias da actividade de explotación de xacementos de hidrocarburos.

A sección segunda do citado capítulo II describe o procedemento de autorización e de posta en marcha dos dispositivos de medición, todo iso coa finalidade de garantir a corrección técnica da solución implementada con respecto dos criterios desta orde, aproveitando, na medida do posible, os controis administrativos actualmente existentes.

Pola súa parte, o capítulo III establece os prezos de referencia dos hidrocarburos baseados en cotizacións internacionais, así como circunstancias específicas tales como a súa calidade e a súa densidade que, no caso do cru, se reflicte nun coeficiente que, para efectos de determinar o prezo, corraxirá a cotización. Así, determináanse como prezos de referencia por defecto a cotización do Brent no que se refire ao cru, a referencia do mercado ibérico do gas (MIBGAS) en canto ao gas natural, e, finalmente, a cotización de butano, propano, nafta, queroseno e gasóleo, nas proporcións correspondentes, para a valoración dos condensados.

Finalmente, o capítulo IV establece as disposicións necesarias para a definición dos perímetros de referencia que serán de aplicación para a determinación dos pagamentos a propietarios de terreos supraxacentes asociados a xacementos convencionais de hidrocarburos. A definición dos perímetros de referencia vinculados a concesións de explotación en que resulte necesaria a aplicación de técnicas de fracturación hidráulica de alto volume será obxecto dun desenvolvemento específico posterior, á vista dos resultados dos proxectos de investigación que, se é o caso, se poidan levar a cabo no futuro.

Na parte final, establécese un período transitorio durante o cal os operadores poderán adaptar as súas instalacións para cumprir co establecido nesta orde. Así mesmo, determináase o procedemento para a determinación dos volumes producidos no intervalo de tempo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e a data da entrada en vigor desta orde ministerial. Finalmente, dispónse a súa aplicación ás concesións de explotación que, no momento da entrada en vigor desta orde, se encontren en curso de tramitación.

### III

Esta orde ministerial dítase ao abeiro da Lei 8/2015, do 21 de maio, que, no seu artigo 8, obriga os concesionarios á instalación de dispositivos de medición da extracción de hidrocarburos e habilita o ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital (anteriormente ministro de Industria, Enerxía e Turismo) para regular, mediante orde, a localización, as características técnicas, operativas e loxísticas que deberán cumprir tales dispositivos, así como os requisitos que debe cumprir o rexistro das medicións efectuadas por aqueles. Así mesmo, o seu artigo 15 e, en íntima relación con este, o artigo 19 do citado texto legal habilitan o ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital para aprobar o prezo de referencia dos hidrocarburos extraídos. Por último, o artigo 22 establece, igualmente, que o citado ministro dite as disposicións oportunas para establecer os perímetros de referencia que serán de aplicación para a determinación dos pagamentos a propietarios de terreos supraxacentes.

En canto ao fundamento competencial desta norma hai que remitirse ás regras 13.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que reservan ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral e débeda do Estado e bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

No proceso de súa tramitación, o proxecto de orde someteuse ao trámite de información pública, segundo o disposto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, así como a consulta dos entón denominados ministerios de Facenda e Administracións Públicas, Fomento e Centro Español de Metroloxía, organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Constitúe o obxecto desta orde o establecemento das características técnicas, operativas e loxísticas que deben cumprir os dispositivos de medición da extracción de hidrocarburos, así como os requisitos que debe cumprir o rexistro das medicións efectuadas por tales dispositivos.

Para os efectos desta orde e salvo que a normativa sectorial de hidrocarburos estableza outra cousa, deberanse observar as definicións establecidas na normativa vixente en materia de metroloxía.

2. É, así mesmo, obxecto desta orde a determinación dos prezos de referencia dos hidrocarburos producidos nas concesións de explotación de xacementos suxeitas ao imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados e, se é o caso, á obrigación de realizar o pagamento aos propietarios de terreos supraxacentes.

3. Desenvólvense igualmente as disposicións necesarias para a definición dos perímetros de referencia que serán de aplicación para a determinación dos pagamentos a propietarios de terreos supraxacentes en concesións de explotación de xacementos de hidrocarburos, sempre que non se requira a aplicación de técnicas de fracturación hidráulica de alto volume.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O disposto nos capítulos II e III desta orde será de aplicación a todas as concesións de explotación de xacementos de hidrocarburos que en cada momento estean vixentes no territorio español. Para estes efectos, enténdese incluído no territorio español o subsolo do mar territorial, zona económica exclusiva, plataforma continental e dos demais fondos mariños que estean baixo a soberanía nacional.

2. O disposto no capítulo IV será de aplicación soamente ás concesións de explotación de xacementos de hidrocarburos suxeitas á obrigación de realizar pagamentos aos propietarios dos terreos supraxacentes, nos termos establecidos na Lei 8/2015, do 21 de maio, pola que se modifica a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e pola que se regulan determinadas medidas tributarias e non tributarias en relación coa exploración, investigación e explotación de hidrocarburos, sempre que nestas non se aplique fracturación hidráulica de alto volume, de acordo coa definición dada no artigo 17.2 da citada lei.

## CAPÍTULO II

### Características técnicas, operativas e loxísticas dos dispositivos de medida

#### *Sección 1.ª Aspectos técnicos e operativos dos dispositivos de medida*

#### Artigo 3. *Requisitos xerais dos dispositivos de medida.*

1. Os dispositivos de medición serán adecuados para o tipo de medida que se vaia realizar e para as propiedades e o volume dos hidrocarburos que se vaian analizar, de modo que sexan capaces de medir o rango completo do caudal de hidrocarburos sen que ningún dos elementos dos ditos dispositivos deba operar fóra dos seus parámetros operativos nominais.

2. Os equipamentos dos ditos dispositivos cumprirán os requisitos establecidos no Real decreto 244/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, sen prexuízo daqueles outros que lles resulten de aplicación, en particular, os referidos a seguridade e calidade industrial.

3. Todas as partes dos dispositivos de medición serán facilmente accesibles para a súa verificación periódica.

4. Os dispositivos de medición deberán garantir:

- a) a determinación de todo o fluxo ou volume suxeito ao imposto sen posibilidade de desvío nin contaminación do fluído;
- b) unha alta dispoñibilidade operativa do sistema;
- c) fidelidade e integridade das medicións, así como dos cálculos que resulten necesarios.

Artigo 4. *Parámetros que se medirán e unidades de medida.*

1. Os dispositivos de medición deberán facilitar información precisa do volume, da densidade, da presión e temperatura de liña, da composición e do poder calorífico dos hidrocarburos producidos, así como de calquera outro parámetro para realizar o cálculo do dito volume ou que sexa significativo para determinar o seu valor normal de mercado.

No caso de que a produción de gas natural no ámbito da concesión sexa inferior a 5.000.000 m<sup>3</sup>, nas condicións a que fai referencia o punto 3, non será necesario que os dispositivos de medición faciliten a composición e o poder calorífico do gas natural producido, ben que o dito gas será obxecto da toma de mostras e análise a que fai referencia o artigo 9 desta orde.

2. Os resultados das medicións deberán estar expresados en unidades pertencentes ao Sistema internacional de unidades (SI), de conformidade co establecido no Real decreto 2032/2009, do 30 de decembro, polo que se establecen as unidades legais de medida, ou norma que substitúa.

Non obstante o anterior, o volume de petróleo cru e condensados exprésase en barrís de 0,15899 m<sup>3</sup>.

3. As medicións estarán referidas a cero graos Celsius de temperatura e 100 quilopascals de presión. Cando, en aplicación do parágrafo anterior, resulte necesaria a aplicación de factores de conversión, darase conta do procedemento de cálculo aplicado e será obxecto de validación polo auditor técnico independente a que fai referencia o artigo 7.3.

4. Os equipamentos de medición deberán situarse tan preto como sexa posible do lugar efectivo da produción e medirán, cando menos, os parámetros da produción neta unha vez realizado o primeiro tratamento por parte do propio operador para retirar a auga, o CO<sub>2</sub> e outras substancias alleas aos hidrocarburos antes da dita medición.

Os volumes consumidos polo operador no proceso extractivo con anterioridade á medición non integrarán a base impoñible do imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados.

5. Os dispositivos de medición utilizados deberán ser acordes coas características do proceso e permitir obter un nivel de incerteza tan reducido como sexa técnica e economicamente posible, entendéndose como tal o nivel a partir do cal o tempo, o custo ou o esforzo necesarios para proseguir coa súa redución sexan claramente desproporcionados en comparación cos beneficios de tal redución.

O operador da concesión deberá xustificar a solución finalmente adoptada e os motivos técnicos e económicos polos que descartaron a utilización doutros métodos comercialmente dispoñibles.

Mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderanse establecer requisitos adicionais sobre os erros de medida máximos tolerables de cada método.

6. En ningún caso se permitirá a utilización de métodos indirectos baseados exclusivamente en medidas de presión e temperatura en fondo ou cabeza da sondaxe.

7. No caso de concesións de explotación cuxa produción de gas natural durante o ano natural anterior, referida ás condicións indicadas neste artigo, sexa inferior a 5.000.000 m<sup>3</sup> e se inxecte na rede de gasodutos de transporte de gas natural, permitirase a utilización dos equipamentos de medición do transportista de gas, así como os procedementos de

medida acordados co xestor técnico do sistema, sempre que os resultados das medicións sexan equivalentes aos que se obterían se se aplicasen os requirimentos desta orde e así o acredite un auditor independente.

Pola súa parte, no caso de concesións de explotación non conectadas coa rede básica de gas e cuxa produción se destine exclusivamente á produción de enerxía eléctrica cunha xeración inferior a 10 MW de potencia instalada, non será necesaria a instalación de equipamentos de medición específicos, e poderá estimarse a produción suxeita ao imposto mediante métodos indirectos baseados na produción vertida á rede eléctrica ou consumida, aos cales se lles aplicará o factor de rendemento indirecto no sistema de xeración. Os ditos métodos indirectos serán aprobados por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, logo de certificación de auditor técnico independente que garanta a súa veracidade.

*Artigo 5. Instalación de produción común a varias concesións de explotación.*

Cando unha mesma instalación se utilice para a explotación de varias concesións de explotación e a produción das sondaxes se mesture antes da separación e medición, poderase aplicar un procedemento de rateo para asignar a produción a cada concesión, de acordo cun plan proposto polo operador, validado polo auditor técnico independente e aprobado por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

*Artigo 6. Mantemento, reparación ou modificación e verificación dos dispositivos de medición.*

1. O operador aplicará un programa de mantemento e comprobación da calibración aos equipamentos de medición para asegurar o seu funcionamento conforme o previsto no seu deseño e instalación, así como o requirido polo seu fabricante.

O dito programa de calibracións será levado a cabo por persoal cualificado e, cando proceda, por persoal de laboratorios debidamente acreditados ante a Entidade Nacional de Acreditación, ENAC.

2. Os operadores deberán solicitar a verificación dos equipamentos coa periodicidade que estableza a regulación metrolóxica que lles sexa aplicable e, en todo caso, despois de cada reparación, despois de cada modificación ou cando se detecten anomalías ou circunstancias que así o recomenden. A solicitude de verificación que lles poida corresponder en cada caso realizarase perante o órgano competente da comunidade autónoma onde radique o equipamento, salvo aqueles situados en instalacións mariñas, caso en que se formulará onde estea situado o domicilio fiscal do operador.

3. As reparacións ou modificacións dun instrumento ou equipamento de medida serán realizadas unicamente por persoas habilitadas para iso de acordo coas normas en materia de metroloxía.

4. Documentaranse todos os procedementos de mantemento, verificación, reparación e modificación. A dita documentación estará dispoñible para a súa consulta no lugar de operación do dispositivo de medición.

5. O operador garantirá a adecuación dos dispositivos de medición ao razoable estado da técnica en cada momento.

6. Nas concesións de explotación a que se refire o primeiro parágrafo do artigo 4.7 observarase o disposto nas normas de xestión técnica do sistema gasista e nos seus protocolos de detalle, conforme as versións vixentes en cada momento e que resulten de aplicación na materia obxecto deste artigo.

*Artigo 7. Organización, supervisión e validación dos dispositivos de medición.*

1. O operador describirá o sistema organizativo do persoal que leve a cabo tarefas relacionadas cos dispositivos de medición, e relacionará as ditas tarefas, as súas responsabilidades e a xerarquía de decisións.

Así mesmo, garantirá que o dito persoal ten a cualificación necesaria para as ditas funcións e que recibe formación para a súa actualización.

2. Designarase un responsable do dispositivo de medición, que será responsable de supervisar que se cumpren os procedementos relativos á operación, mantemento, reparación ou modificación, e verificación do dito dispositivo.

3. O operador será responsable do cumprimento da normativa de aplicación durante as fases de planificación, deseño, adquisición, instalación e operación. Pola súa parte, as resolucións administrativas que se diten serán eficaces e executivas de acordo coa lexislación en materia de procedemento administrativo.

Así mesmo, designará para cada concesión un auditor técnico independente, que validará o dispositivo, as medicións e os resultados das mostraxes ao longo do seu ciclo de vida, sen prexuízo daquelas outras funcións que se lle asignen nesta orde ministerial. O auditor técnico independente poderá ser o mesmo para varias concesións de explotación de xacementos.

O auditor técnico independente estará suxeito ao cadro de infraccións e sancións establecido na Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía.

#### Artigo 8. *Almacenamento de datos obtidos polos dispositivos de medición.*

1. O operador habilitará un repositorio electrónico que conterá a información referida ás lecturas dos dispositivos de medición, os resultados das análises e das mostraxes e, se é o caso, a repartición da produción entre as diversas sondaxes ou concesións correspondente aos últimos cinco anos inmediatamente anteriores. Así mesmo, conterá documentación referida:

- a) A detalles dos números de serie dos instrumentos, así como a data de instalación.
- b) A detalles dos fallos dos sistemas e ás datas da súa rectificación.
- c) A detalles de mantemento e calibracións realizados.
- d) A un rexistro significativo de eventos, alarmas, fallas, etc., ocorridas, coas súas respectivas explicacións.
- e) A un rexistro escrito de calquera erro na medición, nos cálculos ou nas operacións (cando se presuma que foi debido ao mal funcionamento do dispositivo) que deberá incluír a data, a hora e as lecturas tanto no momento en que se constatou o erro como cando se corrixiu.
- f) A calquera estrago dos medidores ou substitución do servizo normal, incluíndo a hora, a data e as lecturas.
- g) A calquera substitución das partes do sistema.
- h) A certificados emitidos para os instrumentos de proba.

A dita información estará dispoñible, durante o prazo indicado, para a súa inspección física na explotación.

2. A Administración poderá exixir ao operador, en calquera momento, acceso á documentación referida no punto anterior para verificar que as cantidades comunicadas se corresponden coas realmente medidas. O operador deberá facilitar tal acceso ou subministrar a información requirida no prazo máximo de cinco días hábiles.

3. O acceso interno do operador con permiso de escritura e modificación ao dito repositorio, así como o acceso remoto do propio operador a calquera elemento do dispositivo de medición, estará estritamente controlado para evitar calquera manipulación, xa que se rexistrarán todos os accesos, así como as modificacións levadas a cabo.

#### Artigo 9. *Requisitos de mostraxe dos hidrocarburos suxeitos a medición.*

1. Os dispositivos de medición incluírán sistemas de mostraxe automáticos e proporcionais ao fluxo que deberán permitir a toma manual de mostraxes.

A mostraxe levarase a cabo de maneira que se asegure a representatividade da mostra.



2. Semestralmente procederase á toma manual de mostras, que serán remitidas a un laboratorio homologado para a realización das análises pertinentes.

#### Artigo 10. *Continxencias.*

1. O operador deberá recoller procedementos de continxencia para a medición no caso de fallo ou avaría do dispositivo.

2. O operador será responsable da activación do dito plan de continxencias cando sexa oportuno e da súa aplicación polo período mínimo imprescindible.

A activación do dito plan por un período continuado superior ás 6 horas será notificada á área funcional de industria e enerxía da delegación ou dependencia de Industria e Enerxía da subdelegación do Goberno pertinente.

3. Cando resulte de aplicación o disposto no artigo 4.7, os ditos procedementos poderán basearse no disposto nas normas de xestión técnica do sistema gasista e os seus protocolos de detalle.

#### *Sección 2.ª Autorización e posta en marcha dos dispositivos de medida*

#### Artigo 11. *Autorización dos dispositivos de medición.*

1. O operador da concesión deberá incluír na súa solicitude de autorización administrativa das instalacións de produción correspondentes unha descrición do dispositivo de medición previsto. Xustificará a adecuación ao establecido nesta orde e demais normativa que lle resulte de aplicación. En particular, a dita descrición incluírá:

- a) As características técnicas do dispositivo de medición.
- b) Os estándares utilizados no seu deseño, construción e mantemento.
- c) A acreditación da avaliación de conformidade dos equipamentos que o conforman.
- d) A localización do sistema de medición dentro do sistema de proceso e transporte.
- e) Planos e descrición de cada un dos elementos técnicos que integran o dispositivo.
- f) O mecanismo de auditoría técnica independente das medicións.
- g) O plan de mantemento e calibración do dispositivo de medición.
- h) O mecanismo de repartición da produción entre os titulares da concesión.
- i) Listaxe e copia da documentación do dispositivo.
- j) Procedemento de continxencia para o caso de fallo do dispositivo.
- k) O sistema de organización, supervisión e verificación do operador.
- l) Metodoloxía de cálculos indirectos e estimacións. Análise de incertezas e fontes de erro.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas resolverá sobre a aptitude do dispositivo de medición xunto coa resolución administrativa de autorización das instalacións, sen prexuízo da responsabilidade do operador en relación co bo funcionamento e a veracidade das medicións do dispositivo.

A modificación substancial de tales dispositivos requirirá autorización administrativa da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

#### Artigo 12. *Posta en marcha e inspección dos dispositivos de medición.*

1. Os xefes ou directores da área funcional de industria e enerxía das delegacións ou dependencias de Industria e Enerxía das subdelegacións do Goberno pertinentes redactarán a acta de posta de marcha dos citados dispositivos, logo de verificación de que a instalación se realizou conforme o autorizado e a normativa de aplicación.

2. A inspección dos dispositivos de medición e das lecturas corresponderá aos xefes ou directores das áreas funcionais de industria e enerxía das delegacións ou das dependencias das subdelegacións do Goberno, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros departamentos.

Para estes efectos, os operadores deberán facilitarles o acceso e os medios loxísticos que puidesen ser necesarios.

3. O operador comunicará aos xefes ou directores de área os resultados das medicións, incluídos os procedementos de cálculo, axustes e corrección de erros, referidos aos seis primeiros meses de cada ano natural e ao ano natural completo, no prazo máximo dun mes desde a finalización do período indicado. A dita comunicación irá acompañada dun informe do auditor técnico independente.

Así mesmo, comunicaranlles os ditos datos en calquera momento, logo de requirimento destes.

O xefe ou director da área funcional ou dependencia realizará as comprobacións que considere pertinentes e, se é o caso, notificará á Administración tributaria e á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas as actas ou informes que recollan cada acción de vixilancia.

4. A memoria anual da concesión de explotación de xacementos que debe elaborar o operador conterá información sobre os seguintes puntos:

- a) Resultados das medicións.
- b) Procedemento de cálculo.
- c) Mantemento, inspección e calibración durante o período.
- d) Erros e axustes de cálculo.
- e) Cambios habidos no dispositivo de medida.
- f) Resumo dos principais parámetros da produción que permitan determinar a adecuación do prezo de referencia de aplicación.
- g) Auditoría de vendas dos hidrocarburos producidos durante o ano natural anterior.

5. O anterior entenderase sen prexuízo das restantes obrigas de información dos operadores en materia estatística.

6. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e os xefes ou directores de Área de Industria e Enerxía poderán solicitar a información adicional que consideren oportuna, así como unha auditoría das vendas realizadas polos titulares das concesións de explotación de xacementos.

### CAPÍTULO III

#### **Disposicións para a determinación do prezo de referencia dos hidrocarburos producidos**

Artigo 13. *Prezo de referencia.*

1. Os prezos de referencia para os hidrocarburos producidos en concesións de explotación de xacementos suxeitas ao imposto sobre o valor da extracción de gas, petróleo e condensados serán os seguintes:

a) Petróleo cru: tomarase a media das cotizacións do cru Brent para entregas no mes de referencia, publicadas polo Intercontinental Exchange (ICE) «Brent Crude – North Sea (monthly)». Tomaranse as cotizacións desde o día 1 ao día 15 do mes anterior ao mes de referencia. As cotizacións de cada un dos días converteranse de \$/barril a €/barril utilizando o tipo de cambio diario, ou o do último día dispoñible, publicado polo Banco Central Europeo.

Este prezo de referencia corríxirase por un coeficiente de calidade cuxo valor será función do valor medio da densidade, expresada en graos API e do valor medio do seu contido en xofre, expresada como porcentaxe, durante o período en cuestión. Os valores do dito coeficiente de calidade serán os establecidos no anexo.

b) Condensados: tomaranse as cotizacións medias FOB no mercado mediterráneo desde o día 1 ao día 15 do mes anterior ao mes de referencia da nafta, o queroseno e o gasóleo 0,1% publicadas por Platts no European Marketscan e as cotizacións medias FOB do propano e do butano en Alxeria desde o día 1 ao día 15 do mes anterior ao mes de



referencia publicadas por Platts no Lpgaswire e ponderadas todas elas segundo as proporcións resultantes da caracterización do condensado segundo o ensaio de destilación TBP ASTM D2892. As cotizacións de cada un dos días converteranse de \$/T a €/T utilizando o tipo de cambio diario, ou o do último día dispoñible, publicado polo Banco Central Europeo.

c) Gas natural: tomarase a media das cotizacións do índice MIBGAS (Mercado Ibérico de Gas) do produto diario para todos os días do período de referencia n.

Cando sexa necesario para a correcta aplicación desta orde, utilizarase un factor de conversión para o gas natural de 11,76 kWh/m<sup>3</sup> salvo que a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas autorice un valor diferente, logo de solicitude razoada do operador e baseada nos resultados das mostraxes.

2. Mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas determinarase o valor concreto dos prezos de referencia a que fai referencia o punto anterior, correspondentes aos seis primeiros meses e ao ano completo, ambos referidos ao ano natural.

A dita resolución aprobarase antes do último día hábil do mes seguinte ao de finalización do período que corresponda e será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

## CAPÍTULO IV

### Disposicións para a determinación dos perímetros de referencia

Artigo 14. *Determinación dos perímetros de referencia en concesións de explotación convencionais.*

1. O perímetro de referencia das concesións de explotación de xacementos de hidrocarburos estará constituído pola superficie de terreo comprendida dentro dun raio de 1.500 metros arredor do centro da boca de cada sondaxe produtiva.

Para unha mesma concesión de explotación poderán coexistir varios perímetros de referencia, e repartiranse entre todos eles o valor da produción conxunta de todas as sondaxes produtivas, conforme o artigo 22.2 da Lei 8/2015, do 21 de maio.

Cando existan dúas sondaxes produtivas e as distancias entre os centros das súas bocas sexan inferiores a 3.000 metros, o perímetro de referencia obterase como a superficie do terreo comprendida dentro da envolvente exterior de cada un dos perímetros individuais, definida pola tanxente a ambas as circunferencias. Se o número de sondaxes é superior a dúas, procederase conforme o procedemento anterior para cada par de sondaxes produtivas.

En ningún caso a superposición de dous ou máis perímetros de referencia supoñerá a devindicación de máis dun dereito de pagamento para unha mesma parcela de terreo.

Cando proceda, ratearase a superficie total das parcelas que se encontren só parcialmente incluídas dentro do perímetro de referencia.

2. Na solicitude de concesión de explotación, os promotores incluírán unha relación das parcelas comprendidas dentro do perímetro ou perímetros de referencia determinados conforme o punto anterior.

O órgano administrativo que tramite a concesión de explotación dirixirase ao órgano competente en materia de xestión catastral que lles subministrará os datos relevantes correspondentes aos ditos propietarios, os cales terán a consideración de interesados no referido procedemento.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas requirirá informe sobre esta ao Instituto Xeográfico Nacional, cando proceda. Unha vez emitido o dito informe, a Área Funcional de Industria e Enerxía da delegación do Goberno ou dependencia ou da subdelegación do Goberno pertinente someterá o expediente a información pública durante un prazo de 20 días.

3. O real decreto de outorgamento de cada concesión de explotación establecerá a obriga de pagamento aos propietarios dos terreos supraxacentes nos termos que resulten

do expediente instruído conforme o disposto neste artigo e coas súas eventuais actualizacións de perímetros de referencia.

Artigo 15. *Actualización de perímetros de referencia.*

1. O perímetro de referencia xurdirá ou ampliarase, segundo os casos, cando se inicie a explotación dunha nova sondaxe produtiva. Cesará ou reducirase, segundo os casos, cando cese a produción de hidrocarburos, sempre que no ano en cuestión o cesamento abranguese, cando menos, o segundo semestre natural completo. Actualizarase sempre que ocorran feitos susceptibles de alterar os dereitos de cobramento e, en particular, nos casos seguintes:

- a) Cando se produza a revisión das bases de datos catastrais que afecte os dereitos de cobramento.
- b) Cando se poñan de manifesto erros numéricos ou de feito, debidamente acreditados, que alteren os dereitos de cobramento.

Os novos propietarios que, como consecuencia do inicio da explotación dunha nova sondaxe produtiva, se incorporen ao perímetro ou perímetros de referencia participarán na repartición do valor da produción total da concesión durante todo o ano natural, independentemente da data de aprobación de tal actualización. Así mesmo, os propietarios que perdan a súa pertenza a un perímetro de referencia como consecuencia do cesamento da explotación dunha sondaxe produtiva conservarán o seu dereito na repartición do valor da produción pertinente que corresponda ao ano da revisión.

2. Os operadores estarán obrigados a comunicar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas o inicio e o cesamento da explotación dunha sondaxe produtiva e, no primeiro caso, procederase conforme o previsto no artigo 14.2 para a determinación dos novos perímetros, logo de realización das comprobacións pertinentes.

3. En ningún caso unha mesma superficie devindicará o dereito de cobramento superior ao importe que resulte conforme o establecido no artigo 22.2 da Lei 8/2015, do 21 de maio; habilitarase o operador para reclamar as cantidades aboadas indebidamente. Cando a titularidade dunha mesma parcela corresponda a dous ou máis propietarios, a cantidade devindicada aboaráselles proporcionalmente ás súas porcentaxes de propiedade.

Disposición transitoria primeira. *Dispositivos de medición existentes.*

1. Os operadores de concesións de explotación de xacementos en explotación no momento da entrada en vigor desta orde deberán acreditar perante a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, no prazo dun mes contado desde a dita data de entrada en vigor, o cumprimento dos requisitos establecidos nesta orde.

2. Á vista da documentación anterior, poderán ser eximidos temporalmente do cumprimento de determinados requisitos polo tempo mínimo indispensable para a súa adaptación que, en ningún caso, será superior a doce meses.

Disposición transitoria segunda. *Volumes de produción e prezos de referencia ata a entrada en vigor da orde.*

1. Durante o período que medie desde a entrada en vigor desta orde ata a finalización do prazo indicado nos puntos 1 e 2 da disposición transitoria primeira, segundo proceda, o volume de produción poderase obter segundo o declarado nos informes mensuais a que fai referencia o artigo 11.1.3. b) do Real decreto 2362/1976, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para aplicación da Lei sobre investigación e explotación de hidrocarburos, do 27 de xuño de 1974, sen prexuízo das comprobacións que a Administración competente considere procedentes.

2. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas ditará as resolucións que se indican no artigo 13, referidas aos períodos semestrais vencidos no momento da entrada en vigor desta orde, no prazo dun mes desde a dita entrada en vigor.

Disposición transitoria terceira. *Concesións de explotación en tramitación.*

As disposicións para a determinación dos perímetros de referencia que figuran no capítulo IV da orde serán de aplicación ás concesións de explotación de xacementos de hidrocarburos convencionais que estivesen en tramitación na data da súa entrada en vigor.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle reserva ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral e débeda do Estado e bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 31 de xaneiro de 2017.–O ministro de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, Álvaro Nadal Belda.

## ANEXO

### Valores do coeficiente de calidade

Densidade (graos API)	Contido en xofre (%)	
	Inferior ou igual ao 1%	Superior ao 1%
Superior a 31,1 .....	1,00	0,97
Entre 22,3 e 31,1 .....	0,96	
Inferior a 31,1 .....	0,89	
Inferior a 20 .....	0,8	0,7